

RELATORIO AMBIENTAL



ConverxenciaXXI

Con este documento preténdese dar a coñecer a postura de Convergencia XXI, perante o medio ambiente e todas as problemáticas que presenta en Galicia. Fáise unha mención ó que se debe entender por medio ambiente e como se debe traballar e vivir para obter unhas resultados satisfactorios e unha relación armónica entre as persoas e o noso entorno.

En tempos coma estes, nos que se contabiliza ata o último céntimo, e nos que se pon en entredito moitas actuacións que antes pasaban desapercibidas, é cando resulta primordial facer unha defensa dos valores medioambientais. O pouco que se ten logrado ata o de agora neste ámbito pode quedar reducido a nada ou pouco máis ca iso, se se consolida a idea de reducir as actuacións ambientais e suprimir certos controis para xerar emprego e un maior dinamismo económico.

O desenvolvemento sostible fundaméntase sobre tres eixos básicos (economía, sociedade e ecoloxía) que necesitan dun nexo común para acadar a sostibilidade: o equilibrio. Se ignoramos isto, o noso crecemento como sociedade non será sostible, polo que se xerarán grandes diferenzas, que afectarán sempre ás persoas. Débese facer valer a premisa de que é necesario un medio ambiente san para así poder contar cunha saúde humana, tamén san. Sería moi convinte e productivo poder contar en Galicia cunha **sociedade/axencia de sanidade ambiental** que se encargase, entre outras cousas, de difundir coñecementos científicos e técnicos, promover a investigación, editar publicacións, ofertar cursos de formación para profesionais do sector, etc. Na actualidade non existe nada semellante no noso País, polo que se cubriría un espazo de vital importancia para ordenar o medio ambiente, e integrada na Consellería de Medio Ambiente (específica e independente), suporía un elemento vertebrador a partir do cal estruturar o traballo que afecta á devandita consellería.

Cando falamos de medio ambiente en Galicia, debémolo facer abarcando varios aspectos e pensando dun xeito **“multidisciplinar”**. Coidar a natureza non é só protexer a unha especie en concreto ou un territorio moi particular. Para acadar un estado óptimo do noso entorno téñense que implicar todos os que participamos desta sociedade: empresas, familias, institucións, administracións, etc, e facelo non como unha obriga (que certamente sí o é), senón coma

unha maneira de obter un beneficio. Incluso para as empresas, cumprir co medio ambiente debe ser motivo de bonificación (axudas para acadar novas tecnoloxías máis sustentables, programas de investigación para as empresas, etiquetaxes ecolóxicas como a Ecolabel, etc).

Consecuentemente, o traballo que está por facer é moito, xa que os gobernos que dirixiron o noso País ata o de agora non souberon ou non quixeron ver esta circunstancia. Proba máis que evidente disto, son as crises que levamos sufrido nas nosas costas con accidentes de grandes buques petrolíferos como o Prestige ou o Urquiola entre outros, deixando secuelas para toda a vida e que só se poden disimular a través dunha liña de subvencións máxicas que todo o transforman, o famoso e archimencionado, Plan Galicia.

Se comparamos o traballo feito neste eido en Galicia co feito noutras Comunidades Autónomas como Asturias, Andalucía ou mesmo Canarias observamos que nos levan unha certa vantaxe. Nestes territorios contan cunha **Rede Natura** ben desenvolvida e sobretodo ordenada, non como a galega, que nalgún caso como pode ser o Parque Natural Fragas do Eume, non conta a día de hoxe co obrigatorio P.O.R.N (Plan de Ordenación dos Recursos Naturais). A maiores en Galicia, non se trata de reconverter estes recursos en beneficios económicos nin se xera oferta para aquelas persoas que practican un turismo de visitas a lugares emblemáticos como poden ser parques naturais, reservas da biosfera, parques nacionais, etc. Son moitos os alicientes que un visitante pode obter do rural galego e das súas xoias paisaxísticas, establecéndose así unha relación de simbiose entre ámbolos dous, xa que o medio rural obtén un motivo polo que existir e as súas xentes un motivo para ficar nel a traballar, evitando deste xeito a espantada cara as grandes cidades galegas e estatais por falta de opcións laborais. Non cabe esquecer que isto último, é dicir a perda de poboación, é un dos grandes problemas estratéxicos de Galicia, e presenta a circunstancia de que non é só un problema demográfico, senón que tamén é de tipoloxía ambiental. Só hai que pensar no triángulo da sostibilidade para darse conta desto.

O expresado no último parágrafo, enlaza moi ben coa **ordenación do territorio**. A maior parte da superficie do País, está sen ordenar. A día de hoxe o noso territorio adoece dunha normativa versátil para calquer tipo de actuación sobre o solo porque non temos cartografiado o terreo en función da súa tipoloxía (litolóxica,

xeomorfolóxica, hidrolóxica e sobretodo edafolóxica), e por ende do seu posible uso. A información recabada sería de moita utilidade para campos de actuación tan dispares como a agricultura ou a produción de madeira, pasando pola construción. E xa que se menciona a construción, dicir que cunha ordenación territorial rematada para todo o territorio galego, acabaríanse as tan temidas e anoxadas recalificacións exprés, ó construír en zonas que convén preservar pola súa singularidade ou polas dificultades que pode presentar. Trátase, xa que logo, de designar unha superficie para cada posible uso (urbanismo, agricultura, preservación, son termos moi xenéricos que abarcan unha gran cantidade de variacións, pero ben poden ser os tres paraes sobre os que recaia a maior parte do peso da ordenación) e de sacarlle o máximo rendemento ó solo (evitar o selado de solos con enorme potencial agrícola). Este traballo, non cabe dúbida que é moi laborioso e necesita dunha cantidade de tempo moi considerable, mais tamén é fundamental para o correcto desenvolvemento dunha sociedade. Coa axuda desta ferramenta os P.X.O.M.s dos concellos de todo o País terían resolto un dos aspectos que máis críticas soe suscitar como é o espazo para construír novas edificacións, xa que a ordenación territorial comprende varios usos e polo tanto pode servir de base para a estruturación dos concellos.

Parece ser que Galicia está subida de cheo ó carro das **enerxías renovables**, mais isto é un engano. A única alternativa renovable que se plasma ante todos nós son os inmensos parques eólicos, dónde non importa tanto a rendabilidade ou a eficiencia como a subvención que cobran as empresas promotoras. Son bastante suculentas as cuantías que estas empresas reciben pola instalación de muiños que cubren grandes áreas de monte e impiden o aproveitamento doutro tipo de recursos como son os mineralóxicos ou os forestais. E por riba, o peor é que sen estas axudas, tales inversións non terían sentido algún, é dicir, somos os contribuintes os que estamos sustentando a certas empresas privadas que conforman unha oligarquía con músculo suficiente para facer fronte a gobernos de grandes nacións. Teñen tanto poder que incluso chegan a xustificar unha suba no recibo da enerxía consumida, sen que as administracións se mobilicen ou tan se quera se pronuncien. De feito nada máis lonxe da realidade, porque é nos gobernos do Estado e das Comunidades Autónomas onde teñen a retagarda. Logran non só facer negocio, senón que conseguen que se frenen outras alternativas, outras liñas de investigación (por falta de financiación

case sémpre) para poder perpetuar a súa maneira tan pouco digna de traballar. Estamos, polo tanto, ante un problema moi grave e de moi difícil resolución polos enormes intereses que hai en xogo, mais o único interesante debera ser a obtención de enerxía a un prezo razoable sen xerar grandes impactos na natureza. A clave da encrucillada enerxética está na investigación e na adicación de fondos público e/ou privados a proxectos que vallan a pena (eficientes, baratos e ambientalmente respetuosos), porque canta máis enerxía é capaz de producir un país, máis riqueza posuirá.

Estamos, por desgraza, acostumados a que no noso País se produzan **atentados ecolóxicos** cada dúas por tres, sen que apenas se paguen as consecuencias por parte dos culpables. Vímolos co Prestige (as persoas encargadas da xestión da crise non tiveron responsabilidade algunha polos seus actos) e vémoslo todos os veráns nos montes galegos. Estes son reducidos a cinzas por culpa dos lumes forestais que nos asolan verán sí e verán tamén. Se facemos unha pasada ó código penal vixente observamos que as penas son moi duras, chegando a haber castigos penados con cárcere. Moi lóxico, mais de inmediato xurde unha pregunta: por qué non hai as mesmas sancións que lumes? A contestación: resulta moi difícil demostrar quen é o autor do incendio, e isto os incendiarios sábeno. Os motivos son moi diversos, non se pode dicir que haxa un polo cal os incendiarios se decanten, e tampouco aportan gran cousa. Se aquela persoa tentada de poñer lume no monte sabe que a poden coller coas mans na masa, estará moito máis reticente a facelo. Por eso, é sobre esta parte do problema sobre a que hai que traballar, na prevención e na vixianza. De nada serve o enorme e custoso continxente que se monta todos os anos polo estío para tentar sofocar as lapas. Trátanse de medidas atenuantes que non conseguen eliminar o problema, xa que a raíz segue enterrada para que agrome na seguinte estación seca. Nun incendio forestal plásmase e aprécianse os inconvintes ecolóxicos, sociais e económicos que xurden cando acontecen estes atentados. Nin que dicir ten o risco que corren os bombeiros e as persoas do lugar tentando acabar co lume, e se a isto lle sumamos a perda de solo productivo, a perda da produción forestal e a alteración doutros espazos como poden ser as rías galegas, pechamos a ecuación de valor negativo para a sociedade galega e o seu desenrolo sostible. Ante semellantes ataques, que fican valeiros de responsabilidade a maioría das veces, só cabe pensar na inoperancia das administracións para atallar e por

fin dunha vez por todas a este problema. Galicia non pode estar paralizada todos os veráns con cousas coma esta, que non fan máis que lastrar o noso crecemento en todas as súas vertentes.

Ó longo do texto, foise expoñendo unha serie de agresións e unhas posibles solucións. Son, tan só, as máis relevantes para Galicia e das que se podería falar moito máis do que aquí se pretende. Para rematar, é interesante mencionar a estratexia europea para o medio ambiente que se plasma na **Política de Productos Integrada** (http://europa.eu/legislation_summaries/consumers/consumer_safety/l28011_es.htm) (PPI) desenrolada pola U.E. pola que se pretende influenciar e desenrolar a demanda e a oferta de produtos e servizos a través da minimización de impactos ambientais, integración das estratexias ambientais, cooperación entre todos os actores (consumidores, ONGs, industria e comercio minorista e iniciativas de tipo local) e o desenvolvemento de mercados verdes. A PPI da U.E. desenrolou un proxecto denominado **Libro Verde sobre a Política de Productos Integrada** (presentado pola Comisión Europea o 07/02/2001) no cal se desenrolan as estratexias de actuación para sacar adiante os obxetivos fixados. Entre estas estratexias, cabe mencionar as máis relevantes como o **Mecanismo dos Prezos** ou a **Contratación Pública Ecolóxica**.

Esta maneira de entender o medio ambiente é a que garantirá un futuro prometedor para as actuais e vindeiras xeracións, por saber combinar aspectos aparentemente (só aparentemente, xa que certamente teñen grandes similitudes) tan dispares como economía e ecoloxía en beneficio da sociedade. Unha vez máis o benestar comeza no triángulo da sostibilidade e volve a rematar nel.